

Moodle 2.6 - Documentación para o profesorado editor de cursos

5.4. As enquisas


Para que serven as enquisas?

A enquisa permítelle ao profesor realizar unha serie de preguntas aos alumnos e analizar as súas respostas. As enquisas pódense configurar para que sexan anónimas.

Como exemplos de uso poderíamos crear unha enquisa para coñecer a opinión dos alumnos sobre unha determinada asignatura, sobre os contidos da propia asignatura, sobre as prácticas, ... etc.

Como se crea unha enquisa?

1. Activar o **modo edición**
2. No tema que se desexe, pulsar sobre "**Engadir unha actividade ou un recurso**"
3. Seleccionar o tipo de actividade "**Enquisa**"
4. Pulsar o botón "**Engadir**"



Os aspectos que podemos configurar das **enquisas** clasifícanse en en varios apartados.

No campo "Nome" introduciremos un título para identificar a esta enquisa, así como unha pequeno párrafo no campo "**Descrición**" para definir os obxectivos da propia enquisa ou o modo de funcionamento.

Ademáis deberemos escoller tamén o "**Tipo de enquisa**" que queiramos aplicar. Hai dispoñíbeis tres tipos de enquisa diferentes:

- **ATTLS - Attitudes to thinking and Learning Survey**, ou o que é o mesmo, actitudes de pensamento e aprendizaxe. Serve para medir o grado no que o alumno é un «coñecedor conectado» (tende a gozar máis da aprendizaxe, é máis colaborativo e está disposto a aprender das ideas dos demais), ou ben é un «coñecedor desconectado» (tende a adoptar unha actitude de aprendizaxe máis crítica e argumentativa).
- **Critical incidents survey**, ou Enquisa de incidentes críticos
- **COLLES - Constructivist on line Learning Enviroment Survey**, ou o que é o mesmo, enquisa en liña sobre o entorno de aprendizaxe constructivista. Serve para facer o seguimento do nivel no que a capacidade interactiva da World Wide Web pode ser explotada para que os alumnos se involucren en prácticas educativas dinámicas.